

tible, ou o 5 por cento cando se utilicen combustibles fósiles.

4. As operacións de valorización enerxética reguladas nesta disposición teranse que levar a cabo necesariamente sen pór en perigo a saúde humana e sen utilizar procedementos nin métodos que poidan prexudica-lo ambiente e, en particular, sen crear riscos para a auga, o aire ou o solo, nin para a fauna ou flora, sen provocar incomodidades polo ruído ou os olores e sen atentar contra as paisaxes e lugares de especial interese, de acordo co establecido no artigo 12.1 da presente lei.

Así mesmo, a valorización enerxética destas fariñas en fábricas de cemento ou de produtos cerámicos farase de modo que non afecte a calidade do cemento ou dos produtos cerámicos e respectando, en todo caso, as instrucións, regulamentos e normas técnicas que lles sexan de aplicación.»

#### **Artigo segundo.** *Instalacións existentes.*

A realización de actividades de valorización enerxética de fariñas de orixe animal, reguladas no artigo anterior, nunha instalación, que xa conta coa preceptiva licenza de actividade, non suporá unha modificación substancial da instalación e, consecuentemente, non precisará unha nova licenza de actividade, nin unha revisión da xa existente, sendo suficiente cunha simple comunicación do titular da instalación á autoridade competente.

#### **Disposición adicional primeira.** *Normas adicionais de protección.*

Este real decreto lei dítase sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas para dictar normas adicionais de protección en materia de ambiente.

#### **Disposición adicional segunda.** *Outras actividades de valorización de residuos de orixe animal non perigosos.*

1. As comunidades autónomas poderán eximir da esixencia da autorización administrativa prevista no artigo 13.1 da Lei de residuos as empresas e establecementos que realicen algunha das actividades de valorización de residuos non perigosos sinaladas no punto 2, sempre que dicten normas xerais sobre cada tipo de actividade nas que se fixen os tipos e cantidades de residuos e as condicións nas que a actividade pode quedar dispensada da autorización.

En todo caso, para que poidan aplicarse as exencións reguladas no parágrafo anterior, as actividades terán que levarse a cabo de conformidade co establecido no artigo 12.1 da Lei de residuos e deberán quedar obrigatoriamente rexistradas na forma que, para tal efecto, determinen as comunidades autónomas.

2. O establecido no punto anterior aplicarase exclusivamente ás seguintes actividades de valorización:

a) Valorización enerxética das fariñas de orixe animal incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto lei en instalacións de incineración distintas das enumeradas no punto 1 do artigo 1.

b) Valorización das graxas extraídas no proceso de transformación das fariñas de orixe animal incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto lei.

3. As comunidades autónomas que apliquen algunha das exencións reguladas nesta disposición adicional comunicaranllo ó Ministerio de Medio Ambiente, para efectos de informa-la Comisión Europea, a través da can-

le correspondente, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Disposición derradeira primeira.** *Habilitación competencial.*

Os preceptos deste real decreto lei teñen a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.

#### **Disposición derradeira segunda.** *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno dictará as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto lei.

#### **Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE ECONOMÍA

**3320** *REAL DECRETO 91/2001, do 2 de febreiro, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo. («BOE» 42, do 17-2-2001.)*

O gran dinamismo que presentou na última década o sector do investimento colectivo, tanto en termos dos recursos xestionados como de sofisticación das técnicas de xestión utilizadas, obrigou ó regulador a introducir adaptacións no ordenamento xurídico financeiro. Así, o presente real decreto leva a cabo unha nova modificación do Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo.

O obxectivo da reforma é dobre. Dunha parte, abriu-lo mercado a novas figuras de investimento colectivo que están presentes no noso contorno económico. Doutra, flexibiliza-la creación e operativa das nosas institucións para facelas máis competitivas. Estes obxectivos lévanse a cabo sen mingua da protección dos investidores. Os nosos fondos e sociedades de investimento son destinos cada vez máis populares para o aforro dos cidadáns e os principios da seguridade e transparencia deben quedar sempre salvagardados.

Ademais, o texto faise eco do importante proceso de reforma que se está levando a cabo no corpo xurídico comunitario. As propostas de reforma da Directiva 85/611/CEE, de organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios que se están tramitando inspiraron moitas das modificacións incluídas no presente regulamento, non tanto por unha vontade de adiantarse

á súa aprobación formal, senón porque a lexislación comunitaria está baseada pola súa vez en normativas xa establecidas noutros países comunitarios.

Este regulamento vén así desenvolver-la habilitación contida na Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo. Esta lei foi reformada por leis recentes que introducían habilitacións ó Goberno para a súa concreción. Singularmente importante é a que leva a cabo a Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a súa disposición adicional primeira modifica diversos artigos da Lei 46/1984.

O texto incorpora un primeiro grupo de artigos orientados a flexibiliza-la política de investimento das institucións de investimento colectivo. Neste ámbito, hai que destaca-la posibilidade de que as xestoras tomen como referencia índices bolsistas ou de renda fixa exceptuando os tradicionais límites de concentración. Así mesmo, desenvólvese a normativa aplicable ás novas figuras previstas pola Lei 37/1998: institucións de investimento colectivo de fondos, os fondos de investimento mobiliario principais, as institucións de investimento colectivo subordinadas e as institucións de investimento colectivo especializadas no investimento en valores non negociados en mercados secundarios de valores.

Por outra parte, a reforma trata de incorporar ó sector do investimento colectivo un réxime de participacións significativas homologable ó doutros suxeitos que actúan nos mercados financeiros. Tamén baixo este principio de homoxeneización, flexibilízanse e clarifícanse os requisitos de autorización, rexistro e revogación.

En materia de sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo establécese unha nova normativa de recursos propios e amplíase a súa capacidade operativa, garantindo sempre a súa actuación en interese dos partícipes.

En suma, trátase dunha ampla reforma regulamentaria, que colocará a nosa industria e os investidores ante un marco regulador estable e equiparable ó que hoxe se aplica noutras economías do noso contorno.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, trala aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2001,

## DISPÓÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación parcial do artigo 4 do Regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro.*

1. A primeira frase do punto 1 do artigo 4 do regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro (en diante o regulamento), pasará a ler:

«1. Sen prexuízo das excepcións establecidas na sección 6.<sup>a</sup> do capítulo II do título I deste regulamento, os investimentos das institucións de investimento colectivo estarán suxeitas ás seguintes limitacións:»

2. Engádense dúas novas alíneas, d) e e), no punto 1 do artigo 4 do regulamento:

«d) Non obstante o previsto nas alíneas b) e c) anteriores, no caso de obrigas emitidas por enti-

dades de crédito cun importe que estea garantido por activos que cubran suficientemente os compromisos da emisión e que queden afectados de forma privilexiada ó reembolso do principal e ó pagamento dos xuros en caso de quebra do emisor, este importe poderá elevarse ó 25 por 100. En todo caso, terán esta consideración os valores de renda fixa do mercado hipotecario recollidos na Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario.

A porcentaxe prevista no parágrafo anterior resultará igualmente de aplicación ós investimentos en valores de carácter non subordinado emitidos polos fondos de titulización hipotecaria regulados na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria.

Os investimentos totais dunha institución nos valores a que se refiren os parágrafos anteriores non poderán supera-lo 80 por 100 dos seus activos.

e) As institucións de investimento colectivo que expresamente o recollan no seu regulamento ou estatutos e no seu folleto explicativo poderán supera-las limitacións previstas nas alíneas b) e c) anteriores, no correspondente ó investimento en valores emitidos por unha mesma entidade ou por entidades pertencentes ó mesmo grupo, co exclusivo obxecto de desenvolver unha política de investimento que tome como referencia un determinado índice bolsista ou de renda fixa representativo dun ou varios mercados radicados en Estados membros da OCDE ou de valores negociados naqueles.

O mercado ou mercados onde coticen os valores que compoñen o índice deberá reunir unhas características similares ás esixidas na nosa lexislación para obte-la condición de mercado secundario oficial.

O índice deberá reunir, como mínimo, as seguintes condicións:

- 1.<sup>a</sup> Ter unha composición suficientemente diversificada.
- 2.<sup>a</sup> Resultar de fácil reprodución.
- 3.<sup>a</sup> Que sexa unha referencia suficientemente adecuada para o mercado ou conxunto de valores en cuestión, e
- 4.<sup>a</sup> Ter unha difusión pública adecuada.

O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, precisará os requisitos establecidos nesta alínea e) e, en particular, a porcentaxe máxima que poderá representa-lo investimento da institución en valores emitidos por unha mesma entidade e por entidades pertencentes ó mesmo grupo.

Estas institucións deberán incluír na súa denominación a expresión "índice" ou outra que denote a especialidade do investimento e en tódalas publicacións da institución deberá facerse constar en forma ben visible que a súa política de investimento toma como referencia un determinado índice.»

3. O número 2 comezará:

«2. Sen prexuízo das excepcións recollidas na sección 6.<sup>a</sup> do capítulo II do título I deste regulamento, os investimentos das institucións de investimento colectivo estarán, ademais, suxeitas ás limitacións seguintes:»

4. O número 3 queda redactado como segue:

«3. As limitacións recollidas no primeiro inciso da alínea b) do número 1 serán do 35 por 100

cando se trate de valores emitidos ou avalados por un Estado membro da Unión Europea, as comunidades autónomas, os organismos internacionais dos que España sexa membro e aqueles outros Estados membros da OCDE que presenten unha cualificación de solvencia, outorgada por unha axencia especializada en cualificación de riscos de recoñecido prestixio, non inferior á do Reino de España.

Non obstante, as institucións de investimento colectivo quedan autorizadas a investir ata o 100 por 100 do seu activo en valores emitidos polos entes ós que este punto se refire, sempre que os valores dunha mesma emisión non superen o 10 por 100 do seu saldo nominal.

No caso de valores segregados ós que se refire a orde do 19 de xuño de 1997, pola que se regulan as operacións de segregación de principais e cupóns dos valores de débeda do Estado e a súa posterior reconstitución, ademais do precisado no parágrafo anterior aplicaráselle as regras seguintes:

1.<sup>a</sup> Para os principais segregados, a porcentaxe do 10 por 100 a que se refire o parágrafo anterior referirase ó saldo nominal en circulación do valor segregable, tanto segregado como sen segregar, do que procedan os principais segregados.

2.<sup>a</sup> Para os cupóns segregados, o importe nominal de cada referencia destes valores na carteira da institución de investimento colectivo non poderá supera-lo 20 por 100 do saldo nominal potencial de cupóns segregados coa mesma data de vencemento. Por saldo nominal potencial entenderase o importe nominal máximo que podería alcanzar-la referencia de cupóns segregados se se segregar a totalidade dos valores segregables que pagan cupón na dita data.

Cando se desexe supera-lo límite fixado no parágrafo primeiro deste número, no folleto e en toda publicación de promoción da institución deberá facerse constar en forma ben visible esta circunstancia, especificando os emisores nos valores dos cales ten intención de investir ou se ten investido máis do 35 por 100 do activo da institución.

As porcentaxes a que se refiren o parágrafo primeiro e o primeiro inciso do parágrafo segundo deste número mediranse tomando como referencia a valoración efectiva do total de activos financeiros e dos valores en cuestión.»

5. O número 4 queda redactado como segue:

«4. Non obstante o establecido nos números 1, 2 e 3 anteriores, o exceso sobre os límites sinalados neles, producido nunha data posterior á de adquisición parcial ou total dos valores en cuestión, non se reputará infracción sempre que a institución o regularice no prazo de seis meses, contado desde o momento en que se produciu o exceso.

Non obstante, cando o exceso supere os límites en máis dun 35 por 100 deles, a institución deberá reducir este exceso a unha porcentaxe inferior ó 35 por 100 do límite no prazo de tres meses, sen prexuízo da regularización total no prazo de seis meses.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá, por causas excepcionais alegadas pola institución en cuestión, autoriza-la ampliación dos prazos previstos nos parágrafos anteriores, sen que en ningún caso poida exceder esta ampliación de tres meses.»

**Artigo segundo.** *Modificación do artigo 5 do regulamento.*

O artigo 5 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Participacións significativas en sociedades de investimento mobiliario de capital fixo ou variable.*

1. As SIM e as SIMCAV quedarán suxeitas ó réxime sobre participacións significativas establecido no artigo 53 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e as súas normas de desenvolvemento.

2. O incumprimento do previsto neste artigo sancionárase de acordo coa Lei do mercado de valores.

3. Habilítanse o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, a establece-las especialidades que resultan necesarias para as SIMCAV en materia de participacións significativas, atendendo ó carácter variable do seu capital.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do artigo 6 do regulamento.*

O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Participacións significativas en fondos de investimento.*

1. As SXIIC deberán comunicarlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, coa periodicidade e na forma que esta estableza, a identidade dos partícipes que por si ou por persoa interposta, neste último caso sempre que a SXIIC tivera coñecemento desta circunstancia de acordo coas normas aplicables ás entidades que actúan nos mercados de valores en relación coa identificación de clientes, alcancen, superen ou descendan das porcentaxes de participación no fondo seguintes: 20, 40, 60, 80 ó 100 por 100. A obriga de comunicar nacerá como consecuencia de operacións de adquisición, subscripción, reembolso ou transmisión de participacións ou de variacións no patrimonio do fondo.

2. No non previsto neste artigo, aplicarase o disposto no artigo 53 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e as súas normas de desenvolvemento, en especial, no referente ó cómputo da participación e ó concepto de adquisición e de persoa interposta.

3. A omisión do cumprimento da obriga a que se refire este artigo sancionárase en vía administrativa de acordo co establecido na Lei 46/1984 e neste regulamento.

4. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán modifica-las porcentaxes previstas no punto 1 anterior, establece-la información que deba facerse pública e dicta-las normas de desenvolvemento precisas para a debida aplicación do disposto neste artigo.»

**Artigo cuarto.** *Modificación do artigo 9 do regulamento.*

O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Autorización, rexistro e revogación.*

1. Os que pretendan crear unha institución de investimento colectivo deberán:

a) Obte-la previa autorización do proxecto de constitución do ministro de Economía, por proposta

da Comisión Nacional do Mercado de Valores, a quen lle corresponderá a instrucción do expediente de autorización.

b) Constituír, unha vez obtida a autorización, unha sociedade anónima ou fondo de investimento, segundo proceda, mediante outorgamento de escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil.

c) Inscribi-la institución de investimento colectivo no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores que corresponda.

As solicitudes deberán presentarse xunto co proxecto de Regulamento de xestión ou estatutos sociais e unha memoria explicativa dos fins e obxectivos da institución de investimento colectivo, de acordo cos modelos normalizados que para tal efecto poida fixar, se é o caso, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. As SXIIC para dar comezo á súa actividade deberán:

a) Obte-la previa autorización do proxecto de constitución pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

b) Constituírse como sociedade anónima, mediante outorgamento de escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil, unha vez obtida a autorización.

c) Inscribirse no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A solicitude presentarase acompañada do proxecto de estatutos sociais e dunha memoria descritiva dos fins e obxectivos da sociedade, así como dos medios organizativos, materiais e de control con que contará no desenvolvemento da súa actividade, de acordo co contido que, para tal efecto, determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. As entidades relacionadas no punto 1 do artigo 55 deste regulamento adquirirán o carácter de depositario de institucións de investimento colectivo mediante a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores e inscrición no Rexistro de Depositarios de Institucións de Inversión Colectivo.

4. As autorizacións só poderán ser denegadas por incumprimento dos requisitos previstos na Lei 46/1984, neste regulamento e demais disposicións aplicables.

No caso de SXIIC, a autorización tamén poderá ser denegada cando, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade, non se considere adecuada a idoneidade dos accionistas que vaian ter unha participación significativa, nos termos previstos no artigo 53.1.g) deste regulamento. A idoneidade apreciarase, entre outros factores, en función de:

a) A honorabilidade empresarial e profesional dos accionistas.

b) Os medios patrimoniais con que contan estes accionistas para atender os compromisos asumidos.

c) A posibilidade de que a entidade quede exposta de forma inapropiada ó risco das actividades non financeiras dos seus promotores ou cando, tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poidan quedar afectadas polo alto risco daquelas.

5. As solicitudes de autorización a que se refiren os puntos anteriores deberán ser resoltas mediante acordo motivado, dentro dos tres meses

seguintes á súa recepción, ou ó momento en que se complete a documentación esixible e, en todo caso, dentro dos seis meses seguintes á súa recepción.

6. Serán requisitos indispensables para obter e conserva-la autorización e o dereito á inscrición nos Rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores os seguintes:

a) En caso de institucións de investimento colectivo e SXIIC, que o seu obxecto se limite ás actividades que lle atribúe a Lei 46/1984 e o presente regulamento, a súa constitución se axuste ó disposto nas ditas normas e, así mesmo, que dispoñan do capital ou patrimonio mínimo e dos recursos propios mínimos establecidos na normativa vixente.

b) En caso de institucións de investimento colectivo que revistan a forma de sociedade anónima e no das SXIIC, serán, ademais, requisitos indispensables:

1.º Que ningún dos membros do seu Consello de Administración, así como ningún dos seus directores xerais ou asimilados, fose, en España ou no estranxeiro, declarado en quebra ou concurso de acredores sen ter sido rehabilitado; se encontre procesado ou, tratándose do procedemento a que se refire o título III do libro IV da Lei de axuízamento criminal, se dictase auto de apertura do xuízo oral; teña antecedentes penais por delitos de falsidade, contra a Facenda pública, de infidelidade na custodia de documentos, de violación de segredos, de branqueo de capitais, de malversación de caudais públicos, de descubrimento e revelación de segredos, contra a propiedade, ou estea inhabilitado ou suspendido, penal ou administrativamente, para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras.

2.º Que tódolos membros do seu Consello de Administración, incluídas as persoas físicas que representen a persoas xurídicas que sexan conselleiros, así como os seus directores xerais ou asimilados teñan unha recoñecida honorabilidade comercial e profesional.

Concorre tal honorabilidade nos que viñesen observando unha traxectoria empresarial ou profesional de respecto ás leis mercantís e demais normas que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como as boas prácticas comerciais, financeiras e bancarias.

3.º Que a maioría dos membros do seu Consello de Administración, así como tódolos directores xerais ou asimilados, conte con coñecementos e experiencia adecuados en materias relacionadas cos mercados financeiros.

Presumirase que posúen coñecementos e experiencia adecuada para estes efectos os que desempeñasen, durante un prazo non inferior a dous anos, funcións de alta administración, dirección, control ou asesoramento de entidades financeiras, empresas de servizos de investimento, e institucións de investimento colectivo ou sociedades xestoras destas últimas, ou funcións relacionadas cos mercados citados noutras entidades públicas ou privadas.

4.º Que se comprometa a contar cunha organización administrativa e contable e con mecanismos de seguridade no ámbito informático e procedementos de control interno e de xestión e control de riscos adecuados ó volume e ó carácter da actividade que pretenda desenvolver e cumpra efectivamente este compromiso. Cando as SIM e SIMCAV lle outorguen a unha SXIIC a xestión global

dos seus activos unida a funcións de administración e representación, este requisito entenderase cumprido se o cumpre a súa xestora. Facúltase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para establecer os requisitos mínimos que deberán cumprir os sistemas internos de control interno e de xestión e control de riscos, así como a forma en que deba ser informada da existencia e funcionamento destes sistemas.

5.º Que conte cun regulamento interno de conducta axustado ás previsións da Lei do mercado de valores, así como mecanismos de control que inclúan, en particular, un réxime de operacións persoais de conselleiros, directivos e empregados da entidade e, se é o caso, o réxime de operacións vinculadas a que se refire o número 4 do artigo 58 deste regulamento.

c) Os depositarios deberán dispor en todo momento dos medios e capacidades necesarios para o cumprimento das súas funcións, nos termos que sinala o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. Unha vez inscritas no Rexistro Mercantil, as institucións de investimento colectivo presentarán na Comisión Nacional do Mercado de Valores, para a súa inscrición no correspondente rexistro, a escritura pública de constitución e o folleto explicativo a que se refire o artigo seguinte.

Igualmente, a inscrición das SXIIC realizarase unha vez inscrita a correspondente escritura no Rexistro Mercantil, mediante a súa presentación ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

As solicitudes de inscrición serán resoltas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no prazo dun mes. Se o proxecto presentado para a súa inscrición se apartase do autorizado previamente, denegarase a inscrición mediante comunicación ós promotores, expresiva dos extremos que fosen obxecto de modificación, podendo os interesados ben rectificar no prazo de dous meses as variacións ou erros introducidos, ben solicitar expresamente unha nova autorización nos termos previstos nos puntos 1 e 2 deste artigo, todo isto sen prexuízo dos recursos que lles correspondan de acordo coa lexislación vixente.

Non se practicarán inscricións nos rexistros correspondentes no caso de que entre a data de autorización previa e a de solicitude de inscrición no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores transcorresen máis de seis meses.

A inscrición dos depositarios realizarase en virtude da simple comunicación efectuada á Comisión Nacional do Mercado de Valores por calquera das entidades mencionadas no artigo 55 deste regulamento, unha vez fose acreditada a suficiencia de medios a que se refire a alínea c) do número 6 anterior.

8. Na Comisión Nacional do Mercado de Valores levaranse, coas seccións e subseccións que sexan precisas, os seguintes rexistros relacionados coas institucións de investimento colectivo, as SXIIC e os depositarios:

1.º Rexistro de Sociedades de Investimento Mobiliario de Capital Fixo.

2.º Rexistro de Sociedades de Investimento Mobiliario de Capital Variable.

3.º Rexistro de Fondos de Investimento Mobiliario.

4.º Rexistro de Fondos de Investimento en Activos do Mercado Monetario.

5.º Rexistro de Sociedades de Investimento Inmobiliario

6.º Rexistro de Fondos de Investimento Inmobiliario

7.º Rexistro de Sociedades Xestoras de Institucións de Investimento Colectivo.

8.º Rexistro de Depositarios de Institucións de Investimento Colectivo.

9.º Rexistro doutras Institucións de Investimento Colectivo.

10. Rexistro de Participacións Significativas.

11. Rexistro de Folletos, Informes Trimestrais, Memorias Anuais e Auditorías.

12. Rexistro de Institucións de Investimento Colectivo estranxeiras comercializadas en España.

13. Rexistro de Sociedades de Taxación que lle comunicasen á Comisión Nacional do Mercado de Valores a súa intención de valorar inmobles de institucións de investimento colectivo inmobiliarias.

9. As modificacións no proxecto de constitución, unha vez autorizado, ou nos estatutos ou no Regulamento das institucións de investimento colectivo, ou nos estatutos das SXIIC quedarán suxeitas ó establecido nos puntos anteriores, coas seguintes especialidades:

a) A solicitude de autorización das modificacións estatutarias poderá realizarse con anterioridade á súa aprobación polos correspondentes órganos de goberno da sociedade.

b) Os prazos a que se refire o punto 5 serán de dous e tres meses, respectivamente.

c) Aquelas modificacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores, en contestación a consulta previa formulada para o efecto ou mediante circular, considerase de escasa relevancia, non requirirán autorización. Estas modificacións non quedarán suxeitas ás obrigas de publicación e comunicación establecidas no artigo 35.2 deste regulamento, abondando a súa inclusión no informe trimestral inmediatamente posterior.

d) A presentación ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores da documentación precisa para a inscrición das modificacións mencionadas neste número deberá realizarse no prazo de tres meses, contados desde a notificación da autorización previa ou da consideración como de escasa relevancia. Transcorrido este prazo sen que se solicitase a inscrición da modificación, denegarase a inscrición e resultará de aplicación o previsto nas alíneas a) do número 1 e do número 2 deste artigo. Non obstante, cando a modificación teña que cumprir con requisitos que esixan o transcurso de prazos con carácter previo á súa inscrición no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá prorrogarse o prazo previsto neste punto por un prazo adicional non superior a un mes.

10. Os depositarios estarán obrigados a comunicarlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores calquera variación que afecte as condicións da súa autorización e inscrición no Rexistro de Depositarios.

11. A autorización concedida a unha SIM ou a unha SIMCAV poderá revogarse pola autoridade que a concedeu, nos seguintes supostos:

a) Se renuncia expresamente á autorización, independentemente de que se transforme noutra entidade ou acorde a súa disolución.

A renuncia voluntaria das SIM requirirá acordo expreso da xunta xeral de accionistas, adoptado coa maioría esixida para a modificación dos seus

estatutos. No caso das SIMCAV, cando a renuncia voluntaria non sexa consecuencia dun acordo de disolución, precisará a previa modificación dos seus estatutos para a súa transformación nunha sociedade de capital fixo.

b) Nos supostos recollidos no artigo 16 deste regulamento para as SIM e SIMCAV.

c) Se se incumpre de forma sobrevida calquera dos requisitos para obter e conserva-la autorización.

d) Se a sociedade é declarada xudicialmente en estado de quebra ou se ten por admitida xudicialmente unha solicitude de suspensión de pagamentos.

e) Cando se dea algunha das causas de disolución forzosa previstas no artigo 260 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

f) Se obtivese a autorización en virtude de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

12. A autorización concedida a unha SXIIC poderá ser revogada pola autoridade que as concede, nos seguintes supostos:

a) Se renuncia expresamente á autorización, independentemente de que se transforme noutra entidade ou acorde a súa disolución. A renuncia requirirá acordo expreso da xunta xeral de accionistas, adoptado coa maioría esixida para a modificación dos seus estatutos.

b) Se transcorre o prazo dun ano sen que asumise a xestión dunha institución de investimento colectivo.

c) Se incumpre de forma sobrevida calquera dos requisitos para obter e conserva-la autorización.

d) Cando existan razóns fundadas e acreditadas respecto de que a influencia exercida por persoas que posúan unha participación significativa nunha SXIIC poida resultar en detrimento da xestión sa e prudente desta ou danar gravemente a súa situación financeira.

e) Se a sociedade é declarada xudicialmente en estado de quebra ou se ten por admitida xudicialmente unha solicitude de suspensión de pagamentos.

f) Cando se dea algunha das causas de disolución forzosa previstas no artigo 260 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

g) Se obtivese a autorización en virtude de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

13. Como medida de protección dos intereses dos partícipes dos fondos xestionados ou dos accionistas de SIM e SIMCAV, a autoridade que a concede poderá acorda-la suspensión dos efectos da autorización concedida a unha SIM, a unha SIMCAV ou a unha SXIIC, nos seguintes supostos:

1.º Apertura dun expediente sancionador por infracción grave ou moi grave.

2.º Cando se dea algunha das causas previstas nas alíneas c), d) e f) do punto décimo primeiro ou c), e) e g) do décimo segundo deste artigo, en canto se substancie o procedemento de revogación.

3.º Cando se efectúe unha adquisición dunha participación significativa dunha SXIIC das previstas no artigo 53.1.g) deste regulamento sen ter informado previamente a CMNV; téndoa informado pero sen que transcorresen aínda dous meses desde a comunicación, ou coa oposición expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A suspensión poderá ser total ou parcial e afecta-la xestión de determinadas institucións de investimento colectivo ou algunha das súas facultades outorgadas na autorización. A súa duración non poderá exceder do prazo dun ano, prorrogable por outro, salvo por sanción.»

#### **Artigo quinto.** *Modificación parcial do artigo 10 do regulamento.*

1. O primeiro parágrafo do artigo 10.4 do Regulamento terá a seguinte redacción:

«4. As institucións de investimento colectivo, en cumprimento das obrigas complementarias de información, deberán facer público calquera feito especificamente relevante para a situación ou o desenvolvemento da institución, mediante a súa inmediata comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, notificación e publicación polo medio que o ministro de Economía adopte en virtude do artigo 13.5 deste regulamento e inclusión no informe trimestral inmediato. Consideraranse feitos especificamente relevantes para a institución os que afecten ou poidan afectar significativamente á consideración do valor das accións ou participacións por parte do público e, en particular:»

2. O artigo 10.5 queda redactado como segue:

«5. O ministro de Economía e a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán solicitar das institucións reguladas no presente regulamento a información adicional que coiden necesaria para o cumprimento das súas respectivas competencias, podendo establece-lo contido e modelo dos correspondentes documentos de información, así como os prazos da súa remisión. En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer con carácter xeral, a obriga de remitir periodicamente á dita entidade, segundo os modelos que se aproben, información relativa ó cumprimento dos coeficientes a que se refiren os artigos 4, 17, 17 bis, 26, 37, 49, 52 bis, 52 ter, 52 quáter e 52.quinto e ós seus estados financeiros.»

#### **Artigo sexto.** *Modificación do artigo 11 do regulamento.*

O artigo 11 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Denominación exclusiva.*

As seguintes denominacións e as súas respectivas abreviaturas serán privativas das entidades inscritas nos rexistros correspondentes da Comisión Nacional do Mercado de Valores, non podendo ningunha outra entidade utilizar estas denominacións ou outras que induzan a confusión con elas:

a) “Institución de investimento colectivo” e a súa abreviatura “IIC”.

b) “Sociedade de investimento mobiliario” e a súa abreviatura “SIM”.

c) “Sociedade de investimento mobiliario de capital variable” e a súa abreviatura “SIMCAV”.

d) “Fondo de investimento mobiliario” e a súa abreviatura “FIM”.

e) “Fondo de investimento en activos do mercado monetario” e a súa abreviatura “FIAMM”.

f) “Sociedade de investimento mobiliario de fondos” e a súa abreviatura “SIMF”.

g) “Sociedade de investimento mobiliario de capital variable de fondos” e a súa abreviatura “SIMCAVF”.

h) "Fondo de investimento mobiliario de fondos" e a súa abreviatura "FIMF".

i) "Sociedade de investimento mobiliario subordinado" e a súa abreviatura "SIMS".

j) "Sociedade de investimento mobiliario de capital variable subordinado" e a súa abreviatura "SIMCAVS".

k) "Fondo de investimento mobiliario subordinado" e a súa abreviatura "FIMS".

l) "Fondo de investimento mobiliario principal" e a súa abreviatura "FIMP".

m) "Fondo de investimento mobiliario especializado en valores non cotizados" e a súa abreviatura "FIME".

n) "Sociedade de investimento mobiliario especializado en valores non cotizados" e a súa abreviatura "SIME".

ñ) "Sociedade de investimento inmobiliario" e a súa abreviatura "SII".

o) "Fondo de investimento inmobiliario" e a súa abreviatura "FII".

p) "Sociedade xestora de institucións de investimento colectivo" e a súa abreviatura "SXIIIC".

As entidades reguladas no presente regulamento deberán incluír na súa razón social a denominación literal ou, en caso de combinación admitida de actividades, a denominación combinada que lles corresponda de entre as sinaladas anteriormente ou, se así o prefiren, incluí-la abreviatura literal ou combinada asociada ás denominacións anteriores.»

**Artigo sétimo.** *Modificación parcial do artigo 12 do regulamento.*

Engádesse un novo parágrafo segundo no punto 2 do artigo 12, pasando os actuais parágrafos segundo e terceiro a ser, respectivamente, terceiro e cuarto.

«Non obstante, poderán constituírse cun patrimonio inferior, que, no caso dos FIM non será inferior a 300.000 euros e no dos FIAMM a 600.000 euros, ou os seus equivalentes en pesetas, todo isto a condición de que no prazo máximo de seis meses, contados a partir da súa inscrición no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, alcancen o patrimonio mínimo establecido no parágrafo anterior. En caso contrario, o fondo deberá disolverse e liquidarse.»

**Artigo oitavo.** *Modificación parcial do artigo 13 do regulamento.*

O artigo 13.5 e 6 do regulamento pasará a te-lo seguinte teor:

«5. As sociedades xestoras dos fondos de investimento, unha vez inscritos estes nos rexistros administrativos correspondentes da Comisión Nacional do Mercado de Valores, deberán suministrar na forma, prazos e polo medio de difusión que aprobe o ministro de Economía, os datos referidos ó valor liquidativo das súas participacións, ó seu patrimonio e ó número de partícipes. O ministro de Economía ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán establecer regras especiais que resulten necesarias para o cálculo do valor liquidativo dos valores cotizados ou negociados en mercados estranxeiros e dos valores non cotizados recollidos no artigo 17 bis deste regulamento.

6. O cumprimento desta obriga de información determinará que as participacións nos correspon-

dentes fondos teñan a consideración de valores cotizados para os efectos daquelas disposicións que regulen réximes específicos de investimento. No caso de que o organismo ó que se lle encomendase a difusión desta información non reciba a información necesaria e, como consecuencia disto, non poida difundir-las datos indicados durante sete días consecutivos ou quince alternos no prazo dun mes, farao constar así. A partir dese momento, e ata que non transcorran trinta días seguintes de difusión regular de tales datos, os investimentos que se fagan nas participacións en cuestión non poderán considerarse como valores admitidos a cotización para os efectos das sinaladas disposicións sobre réximes específicos de investimento.»

**Artigo noveno.** *Modificación do artigo 17 do regulamento.*

O artigo 17 do regulamento queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Investimentos e coeficientes mínimos de liquidez.*

1. Os FIM terán, polo menos, o 80 por 100 e as sociedades e demais fondos de investimento o 90 por 100 do seu activo investido en:

a) Valores negociables e instrumentos financeiros, dos previstos no primeiro parágrafo e no artigo 2, parágrafo 2.º, a), da Lei do mercado de valores, admitidos a negociación en bolsas de valores, calquera que sexa o Estado en que se encontran radicadas, ou noutros mercados ou sistemas organizados de negociación situados nun Estado membro da OCDE sempre que, en ámbolos casos, se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que se trate de mercados que teñan un funcionamento regular.

2.º Que estean supervisados pola autoridade do Estado en que teña a súa sede.

3.º Que dispoñan de regras de funcionamento, transparencia, acceso e admisión a negociación similares ás esixidas na normativa española ós mercados secundarios oficiais.

As SXIIIC e as SIM e SIMCAV deberán asegurarse, con anterioridade ó inicio dos investimentos, de que os mercados en que pretendan investir cumpren tales requisitos e recoller no folleto explicativo da institución unha indicación sobre os mercados en que se vai investir.

b) Os valores e instrumentos financeiros mencionados no parágrafo anterior respecto ós cales estea solicitada a súa admisión a negociación nalgún dos mercados ou sistemas ós que se refire esta alínea. A estes valores e instrumentos equiparanse aqueles nos que nas súas condicións de emisión conste o compromiso de solicita-la admisión a negociación, sempre que o prazo inicial para cumpri-lo dito compromiso sexa inferior a seis meses. No caso de que non se produza a súa admisión a negociación no prazo de seis meses desde que se solicite ou non se cumpra o compromiso de presentar no prazo determinado a correspondente solicitude de admisión, deberá reestructurarse a carteira nos dous meses seguintes ó termo dos prazos antes sinalados. Se este prazo resultase insuficiente, poderase, xustificadamente, solicita-la súa prórroga á Comisión Nacional do Mercado de Valores. Esta prórroga non poderá exceder dun prazo adicional de dous meses.

c) Os instrumentos financeiros negociados en mercados organizados de derivados radicados en estados membros da OCDE, de acordo cos requisitos, límites e condicións que estableza o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

d) Os valores e instrumentos financeiros negociados en mercados ou sistemas de negociación distintos dos incluídos nos parágrafos anteriores, sempre que contén coa previa aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores que poderá outorgala con carácter xeral para un ou varios mercados, ou para un ou varios valores, sempre que os citados mercados ofrezan garantías suficientes de transparencia, seguridade, organización e control. A mencionada aprobación publicárase no "Boletín Oficial del Estado".

e) Os instrumentos financeiros derivados non negociados nos mercados sinalados nas alíneas anteriores, de acordo cos requisitos, límites e condicións que estableza o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O ministro de Economía poderá, logo de información pública, resolver a exclusión dun ou varios mercados, valores ou instrumentos dos incluídos nos parágrafos anteriores cando, en defensa dos intereses dos partícipes e accionistas das institucións de investimento colectivo ou a integridade do mercado, o considere conveniente. A mencionada resolución publicárase no "Boletín Oficial del Estado"; as institucións de investimento colectivo que realizasen investimentos nos ditos mercados deberán proceder á súa venda no prazo de tres meses contados a partir da publicación. Este prazo poderá ser prorrogado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores por causas excepcionais alegadas pola institución de investimento colectivo por un prazo adicional non superior a tres meses.

2. O coeficiente mínimo de liquidez das SIMCAV e dos fondos de investimento será do 3 por 100 do seu activo, calcularase sobre a media mensual de saldos diarios do activo da institución e deberá materializarse en efectivo, en depósitos ou contas á vista no depositario ou noutra entidade de crédito se o depositario non ten esta consideración ou en compravendas con pacto de recompra a un día de valores de débeda pública.

O ministro de Economía poderá, á vista da evolución da contratación de accións das SIMCAV e das subscricións e reembolsos dos fondos de investimento, aumentalos citados coeficientes, sen que poidan supera-lo límite do 10 por 100. Así mesmo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá o procedemento para o cálculo dos coeficientes.»

**Artigo décimo.** *Modificación parcial do artigo 18 do regulamento.*

A redacción do artigo 18.1 pasará a ser:

«1. Os valores mobiliarios e demais activos financeiros integrados no patrimonio das institucións de investimento colectivo non poderán pignorarase nin constituírse en garantía de ningunha clase, salvo para servir de garantía das operacións que a institución realice nos mercados secundarios oficiais de derivados. Isto non obstante, poderán ser obxecto de operacións de préstamo bolsista cos requisitos que poida establece-lo ministro de Economía, logo do informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

**Artigo décimo primeiro.** *Modificación do segundo punto do artigo 22 do regulamento.*

O artigo 22.2 queda redactado como segue:

«2. Non obstante o anterior, cando así o prevean os estatutos sociais, a xunta xeral, ou, pola súa delegación, o Consello de Administración, poderán acordar que a xestión dos activos da sociedade, ben na súa totalidade, ben en parte determinada, se encomende a unha ou varias SXIIC ou a unha ou varias entidades que, de conformidade coas previsións da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, estean habilitadas para realizar en España o servizo de investimento previsto na alínea d) do seu artigo 63.1. A delegación da xestión global dos activos, unida a outras funcións de administración ou representación, só poderá recaer nunha SXIIC. O eventual acordo deberá ser inscrito no Rexistro Mercantil e no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

As entidades a que se refire o parágrafo anterior poderán, pola súa vez, delegar a xestión dos activos estranxeiros de SIM ou SIMCAV a xestión dos cales lles fose encomendada noutra entidade financeira na forma e cos requisitos establecidos no artigo 53.2 deste regulamento. En caso de que esta delegación fose imposta pola sociedade de investimento, o cal deberá acreditarse mediante o correspondente acordo da Xunta Xeral de Accionistas ou, por delegación expresa desta, do Consello de Administración, a entidade que delega non será responsable ante os accionistas dos prexuízos que puidesen derivarse desta contratación.»

**Artigo décimo segundo.** *Modificación parcial do artigo 34 do regulamento.*

O artigo 34.2.c) queda como segue:

«c) O patrimonio do fondo no momento da súa constitución.»

**Artigo décimo terceiro.** *Modificación parcial do artigo 35 do regulamento.*

O artigo 35.1.a) pasará a ler:

«a) A denominación do fondo. Cando se prevea utilizar diferentes referencias para efectos da comercialización do fondo, deberán recollese todas elas no regulamento de xestión. En todo caso, na publicidade e en toda publicación do fondo, ademais da referencia para efectos de comercialización, deberá incluírse a denominación do fondo.»

**Artigo décimo cuarto.** *Modificación parcial do artigo 37 do regulamento.*

As alíneas a) e b) do artigo 37.1 quedan redactadas como segue:

«a) Unha porcentaxe media mensual dos saldos diarios do activo do fondo, non inferior ó 80 por 100, deberá ser investida en valores e instrumentos financeiros dos indicados no artigo 17 deste regulamento.

b) O resto dos recursos poderá investirse, ademais de nos valores e instrumentos financeiros ós que se refire o parágrafo anterior, nos valores que recolle o artigo 17 bis deste regulamento. O conxunto dos investimentos en valores non cotizados dos sinalados no artigo 17 bis e noutros



activos distintos dos recollidos no artigo 17 non poderá supor máis do 10 por 100 do activo do fondo. En ningún caso poderá investirse en instrumentos financeiros derivados distintos dos recollidos no artigo 17.»

**Artigo décimo quinto.** *Adición dun novo punto sexto ó artigo 41 do regulamento.*

Engádese un novo punto 6 no artigo 41 co texto que segue:

«6. Cando así estea previsto no regulamento de xestión, o patrimonio do fondo poderá denominarse nunha moeda distinta do euro ou a peseta. Neste caso, poderase calcular, nela, o valor do patrimonio, o valor das participacións así como admitir subscripcións e reembolsos nesta moeda.»

**Artigo décimo sexto.** *Supresión do punto sexto do artigo 42 do regulamento.*

Suprímese o punto 6 do artigo 42 do regulamento.

**Artigo décimo sétimo.** *Modificación do artigo 45.5 do regulamento.*

O artigo 45.5 queda redactado como segue:

«5. A comisión do depositario non poderá exceder do 2 por 1.000 anual do patrimonio custodiado. Excepcionalmente, e logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, esta comisión poderá ser superior tratándose de depositarios que teñan que cumprir integramente as súas funcións no estranxeiro. Con independencia desta comisión, os depositarios poderán percibir dos fondos comisións pola realización de operacións de compra ou venda, cobro de cupóns ou outras actividades similares, sempre que sexan conformes coas normas xerais reguladoras das correspondentes tarifas.»

**Artigo décimo oitavo.** *Modificación do artigo 49 do regulamento.*

O artigo 49 queda redactado como segue:

«Artigo 49. *Investimento do patrimonio.*

1. Unha porcentaxe media mensual de saldos diarios do activo do fondo non inferior ó 90 por 100 deberá estar investido en valores ou instrumentos financeiros de renda fixa que se negocien nalgún dos mercados ou sistemas organizados de negociación sinalados no artigo 17 do presente regulamento.

O investimento destes fondos en valores ou instrumentos negociados nos mercados ou sistemas organizados de negociación a que se refire a alínea d) do artigo 17.1 requirirá que a correspondente aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores o recolla expresamente.

2. Non poderán formar parte do patrimonio destes fondos os valores de renda variable, as operacións sobre valores ou índices de renda variable nin, en xeral, calquera dereito a participar no capital das sociedades.

3. Tampouco poderán formar parte do patrimonio destes fondos activos con prazo remanente de amortización ou reembolso superior a dezoito meses. Considerarase que cumpren este requisito os valores de renda fixa a rendibilidade dos cales se determine por referencia a un índice de tipos

de interese a curto prazo, sempre que a revisión do tipo de interese se produza nun prazo non superior a un ano. Estes fondos poderán investir ata o 25 por 100 do seu activo en valores de renda fixa destas características.

4. Os recursos non suxeitos á porcentaxe de investimento sinalado no número 1 deste artigo poderán investirse, ademais de nos valores e instrumentos financeiros ós que se refire este número, en depósitos, noutros valores ou instrumentos de renda fixa cotizados ou en valores de renda fixa non cotizados, conforme o previsto no artigo 17 bis deste regulamento, sempre que o seu prazo remanente de amortización ou reembolso non sexa superior a dezoito meses ou que cumpran as condicións establecidas no punto anterior.»

**Artigo décimo noveno.** *Adición dunha nova sección 6.<sup>a</sup> ó capítulo II do título I do regulamento.*

Engádese unha nova sección 6.<sup>a</sup> ó capítulo II do título I do regulamento co texto seguinte:

«SECCIÓN 6.<sup>a</sup> INSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTO COLECTIVO ESPECIALIZADAS

**Artigo 52 bis.** *Institucións de investimento colectivo de fondos.*

1. As sociedades de investimento mobiliario de capital fixo ou variable e os fondos de investimento mobiliario que se caractericen, de acordo co previsto no presente artigo, por investir maioritariamente o seu activo en accións ou participacións de varias institucións de investimento colectivo de carácter financeiro, conforme o previsto nos seus estatutos sociais ou nos seus regulamentos de xestión, deberán incluír, segundo corresponda, na súa denominación as seguintes expresións: "Sociedade de investimento mobiliario de fondos", ou a súa abreviatura "SIMF"; "Sociedade de investimento mobiliario de capital variable de fondos", ou a súa abreviatura "SIMCAVF"; "Fondo de investimento mobiliario de fondos", ou a súa abreviatura "FIMF".

2. O réxime da política de investimentos das presentes institucións quedará suxeito, respecto ás normas xerais previstas no presente regulamento para as SIM, SIMCAV e FIM, ás especialidades seguintes:

a) Unha porcentaxe superior ó 50 por 100 do seu activo deberán tela investida en accións ou participacións de varias institucións de investimento colectivo de carácter financeiro.

A porcentaxe anterior non quedará suxeita ás regras previstas no artigo 4.1 deste regulamento.

b) Non poderán ter investido en accións ou participacións emitidas por unha institución de investimento colectivo máis do 45 por 100 do seu activo.

c) Non poderán investir en institucións de investimento colectivo cunha política de investimentos que permita materializar máis do 10 por 100 do seu activo noutras institucións de investimento colectivo, agás que se trate de institucións subordinadas cun FIMP que cumpra este requisito. Neste caso, para o cálculo dos límites ás comisións a que se refire o punto 4 deste artigo, incluíranse tamén as establecidas para o FIMP.

d) As limitacións establecidas no artigo 4.2 deste regulamento unicamente serán aplicables para os investimentos en institucións de investimento colectivo de natureza societaria.

3. En canto ás institucións de investimento colectivo aptas para materializalos seus investimentos, deberán reuni-los requisitos seguintes:

a) Que os seus investimentos non desvirtúen o obxecto e límite de riscos, conforme o previsto no seu regulamento de xestión ou estatutos sociais e, se é o caso, na normativa do seu país de orixe, así como no folleto informativo.

b) Que se trate de institucións con sede ou radicadas nun Estado membro da OCDE que non teña a consideración de país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal e se encontren rexistradas e supervisadas prudencialmente.

c) Que, no caso de institucións de investimento colectivo con forma de sociedade, as súas accións se negocien nun mercado secundario de valores dos recollidos no artigo 17 deste regulamento ou ben garanta o reembolso das accións con cargo ó seu patrimonio e o valor liquidativo das accións estea suxeito a publicidade periódica de carácter regrado; en ámbolos casos, o nivel de liquidez debe estar en consonancia coa frecuencia con que a institución investidora teña que atender reembolsos.

d) Que, no caso de institucións de investimento colectivo con forma de fondo, o valor liquidativo das súas participacións estea suxeito a publicidade periódica de carácter regrado e se garanta o reembolso das participacións con cargo ó seu propio patrimonio cunha frecuencia en consonancia coa que a institución investidora teña que atender reembolsos.

4. Cando as institucións de investimento colectivo obxecto de investimento pertencen a un mesmo grupo da institución investidora ou da súa sociedade xestora ou están xestionadas por entidades nas que concorra esta circunstancia, as comisións acumuladas aplicadas á institución investidora e ós seus partícipes ou accionistas non poderán superar a porcentaxe que, para tal efecto, fixe o folleto da institución de investimento colectivo de fondos dentro dos límites establecidos no artigo 45 do presente regulamento.

5. Nos informes trimestrais incluírase información dos investimentos noutras institucións de investimento colectivo e, en particular, sobre as comisións e gastos soportados.

6. Cando así estea establecido no seu regulamento de xestión e así o esixan os investimentos previstos, o valor liquidativo dos FIMF poderá ser calculado, polo menos, dúas veces ó mes, nas datas previstas no dito regulamento. En tales casos, o valor liquidativo que se aplique ás subscricións e reembolsos será o primeiro que se calcule con posterioridade á solicitude da operación.

7. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán especificar e desenvolver as regras contidas neste artigo, e, en particular, posibilita-lo investimento en institucións de investimento colectivo de carácter non financeiro; para este efecto poderán fixarse porcentaxes xerais de investimento diferentes dos establecidos no artigo 4 deste regulamento.

Artigo 52 ter. *Fondos de investimento mobiliario principais.*

1. Os fondos de investimento mobiliario caracterizados por teren como partícipes institucións de investimento colectivo subordinadas, nacionais ou estranxeiras, conforme o previsto nos seus regu-

lamentos de xestión, incluírán na súa denominación a expresión "Fondo de investimento mobiliario principal", ou as súas siglas "FIMP".

2. Os presentes fondos terán, respecto do disposto para os FIM con carácter xeral, as especialidades seguintes:

a) Deberán ter como partícipe unha ou varias institucións de investimento colectivo subordinadas, nacionais ou estranxeiras.

b) O seu patrimonio, no momento da súa constitución, poderá ser achegado por un promotor que non cumpra os requisitos do parágrafo anterior, o cal poderá permanecer como partícipe por un prazo máximo de dous meses contados desde a súa inscrición no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) En materia de investimentos e funcionamento poderán acollerse ás especialidades establecidas nos artigos 52 bis e 52.quinto sempre e cando se especifiquen no seu regulamento de xestión.

d) A sociedade xestora do FIMP deberá proporcionarles ás institucións de investimento colectivo subordinadas, ou ás súas correspondentes sociedades xestoras, canta información sexa necesaria para que estas poidan cumprir coas súas obrigas en materia de información e valoración.

e) O dereito de separación que corresponda, de acordo coas previsións deste regulamento e das súas normas de desenvolvemento, será exercitable polas institucións de investimento colectivo subordinadas. Os partícipes ou accionistas das institucións subordinadas poderán, de igual modo, exercer este dereito con independencia da decisión que tome a sociedade xestora da institución subordinada respecto á separación.

Artigo 52 quáter. *Institucións de investimento colectivo subordinadas.*

1. As SIM, SIMCAV e os FIM que invistan o seu activo nun fondo de investimento mobiliario principal, conforme o previsto nos seus estatutos sociais ou nos seus regulamentos de xestión, incluírán na súa denominación as expresións "Sociedade de investimento mobiliario subordinado", ou a súa abreviatura "SIMS"; "Sociedade de investimento mobiliario de capital variable subordinado", ou a súa abreviatura "SIMCAVS"; ou "Fondo de investimento mobiliario subordinado", ou a súa abreviatura "FIMS".

2. Estas institucións quedarán suxeitas, respecto ás regras xerais das SIM, SIMCAV e FIM, ás seguintes especialidades:

a) O seu activo investirase de acordo coas premisas seguintes:

1.º Polo menos, un 80 por 100 deberá investirse en participacións do FIMP designado no seu folleto informativo.

2.º Nos casos de FIMS e SIMCAVS, o resto do patrimonio poderá materializarse en valores de renda fixa negociados nos mercados previstos no artigo 17 deste regulamento, con prazo remanente de amortización ou reembolso non superior a dezoito meses, así como, cun límite do 10 por 100 do activo, en depósitos a prazo.

b) O cambio de FIMP someterase ó procedemento de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores e conferiralle ós partícipes do FIMS que cambian de principal o dereito de separación recollido no artigo 35.2 deste regulamento. Este cambio deberá ser comunicado como feito relevante ós partícipes e accionistas das res-

tantes institucións de investimento colectivo subordinadas, de acordo co artigo 10.4 deste regulamento.

c) En materia de comisións teranse en conta as regras seguintes:

1.<sup>a</sup> As comisións de xestión e depósito aplicadas ó FIMS sumadas ás do FIMP non poderán supera-los límites máximos previstos no artigo 45 do presente regulamento.

2.<sup>a</sup> As comisións aplicadas polo FIMS sobre o importe das subscricións e reembolsos sumadas ás aplicadas polo FIMP non poderán supera-lo 5 por 100.

3.<sup>a</sup> O réxime de comisións deberá estar incluído no folleto explicativo, nos informes periódicos do FIMS, así como en calquera outra publicación de promoción da institución.

d) Os criterios para calcula-lo valor liquidativo aplicable ás subscricións e reembolsos do FIMS serán os mesmos que se apliquen ó seu FIMP.

Nos supostos nos que o regulamento de xestión do FIMP prevexa un prazo de aviso previo, conforme o previsto no artigo 42.8 deste regulamento, o regulamento de xestión do FIMS poderá preve-los mesmos prazos de aviso previo para reembolsos de calquera importe.

e) O folleto explicativo e a información periódica das institucións de investimento colectivo subordinadas deberá incluír tanta información resulte relevante para o partícipe sobre o seu FIMP, nos termos que precise a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

**Artigo 52 quinto.** *Institucións de investimento colectivo especializadas no investimento en valores non negociados en mercados secundarios.*

1. As SIM e os FIM, caracterizados por investir maioritariamente en valores de renda fixa ou variable non negociados en mercados secundarios, incluírán nunha denominación a expresión "Especializado en valores non negociados", ou as súas abreviaturas "SIME" ou "FIME".

2. Estas institucións de investimento colectivo quedarán suxeitas ás especialidades seguintes respecto do disposto con carácter xeral para SIM e FIM:

a) Unicamente poderán autorizarse entidades de nova creación.

b) En materia de investimentos aplicaranse as regras seguintes:

1.<sup>a</sup> Polo menos, o 50 por 100 do seu activo deberá estar investido en valores non negociados en mercados secundarios de valores, emitidos por entidades con sede social en países da OCDE que non teñan a consideración de países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais. Este investimento non poderá supera-lo 80 por 100 nos FIME e 90 por 100 nas SIME.

2.<sup>a</sup> A porcentaxe do 50 por 100 previsto no punto anterior deberá alcanzarse no prazo de tres anos desde a constitución da institución. Non obstante, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, atendendo a circunstancias de mercado, poderá amplia-lo prazo antes sinalado.

3.<sup>a</sup> Para efectos do previsto no artigo 4.1.d) deste regulamento, entenderanse incluídas na porcentaxe do 25 por 100 do parágrafo segundo deste precepto os valores de carácter principal emitidos por fondos de titulación de activos, conforme o disposto no artigo 2.3.b) do Real decreto

926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as súas sociedades xestoras.

4.<sup>a</sup> Resultarán de aplicación as regras establecidas no artigo 17 bis.3 deste regulamento.

3. Os FIME manterán un coeficiente mínimo de liquidez do 10 por 100 do seu activo.

4. O valor liquidativo das participacións dos FIME será calculado unha vez ó mes na data prevista nos regulamentos de xestión.

5. O reembolso das participacións dos FIME deberá asegurarse dúas veces ó ano nas datas e ó valor liquidativo que se estableza nos regulamentos de xestión, no que tamén se fixará o prazo mínimo con que este reembolso terá que solicitarse e que, en ningún caso, poderá ser superior a un mes.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos casos que determine o ministro de Economía, poderá autorizar medidas de carácter excepcional co fin de atender ás peticións de reembolso.

6. No regulamento de xestión dos FIME establecerase a periodicidade das solicitudes de subscrición de participacións, así como a posibilidade de que, atendendo ó bo funcionamento e á estabilidade da institución, non se admitan novas subscricións. Esta última circunstancia será comunicada ós partícipes e ó mercado da maneira que estableza a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

7. O valor liquidativo aplicado a subscricións e reembolsos será o primeiro que se calcule con posterioridade á solicitude da operación.»

**Artigo vixésimo.** *Modificación parcial do artigo 53 do regulamento.*

1. Dáse nova redacción á alínea d) do artigo 53.1:

«d) Recursos propios e complementarios: disporán, en todo momento, dun capital social mínimo de 300.000 euros ou o seu equivalente en pesetas, integramente desembolsado.

Estes recursos deberán incrementarse nunha proporción do 5 por 1.000 do valor efectivo do patrimonio das institucións de investimento colectivo que administren en tanto este non exceda de 60.000.000 de euros; do 3 por 1.000, no que exceda da dita contía, ata 600.000.000 de euros; do 2 por 1.000, no que exceda desta última cantidade, ata 3.000.000.000 de euros; do 1 por 1.000, no que exceda desta cifra, ata 6.000.000.000 de euros, e do 0,5 por 1.000, sobre o exceso desta última cantidade.

Para efectos de calcula-los recursos propios mínimos a que se refire o parágrafo anterior, deduciranse do patrimonio das institucións de investimento colectivo administradas o correspondente ás institucións subordinadas investido nunha institución principal que estea pola súa vez xestionada pola mesma SXIIC.

O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores definirán as partidas contables computables como recursos propios e, se é o caso, as condicións de cómputo do financiamento subordinado e os elementos que se deducirán dos recursos propios para efectos de cumprir cos requisitos fixados neste artigo.

Os recursos propios que, de acordo con este punto, a sociedade debe manter deberán estar investidos, polo menos, nun 60 por 100, en valores admitidos a negociación nalgún dos mercados dos

senalados no artigo 17.1.a) deste regulamento. O 40 por 100 restante poderá estar investido en calquera activo adecuado ó cumprimento do fin social, incluídas as institucións de investimento colectivo que xestione.

Os seus investimentos seralles de aplicación o disposto no número 1 do artigo 54 do Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/1992, do 1 de xuño, sobre recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, coas adaptacións que determine o ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, que tamén determinará a forma de cálculo destes límites.»

2. Engádesse unha última alínea g) no artigo 53.1:

«g) As SXIIC quedarán suxeitas ó réxime de adquisición, transmisión e publicidade sobre participacións accionarias establecido no artigo 69 da Lei do mercado de valores e as súas normas de desenvolvemento.»

3. O artigo 53.2 queda redactado como segue:

«2. Logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, as SXIIC poderán subcontratar nunha terceira entidade financeira a xestión dos activos estranxeiros das institucións de investimento colectivo que administren.

O acordo de delegación será inscrito no correspondente Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores de acordo co procedemento previsto no artigo 9.9.d) do presente regulamento.

A entidade financeira poderá ser outra SXIIC das reguladas neste regulamento ou unha entidade xestora de institucións de investimento colectivo ou unha empresa de servizos de investimento, en ámbolos casos domiciliadas noutro Estado membro da OCDE, sempre que estean sometidas a supervisión prudencial, se acredite que ofrece garantías similares ás esixidas ás SXIIC e se subscribíse un convenio de colaboración bilateral entre a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a autoridade que teña encomendadas funcións equivalentes ó Estado de orixe da entidade, nos termos do artigo 90 da Lei 24/1988, do 24 de xullo, do mercado de valores, que ampare a supervisión e inspección nesta materia, ou exista a obriga de cooperación entre os organismos supervisores en aplicación da normativa comunitaria.

A autorización conferirá ós partícipes dos fondos de investimento afectados o dereito ó reembolso das súas participacións sen comisión ou desconto de reembolso nin ningún gasto nos termos do artigo 35.2 deste regulamento que se exercerá polo valor liquidativo correspondente á data en que este contrato quede inscrito no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores, data a partir da cal entrará en vigor.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer os requisitos que teñan que cumprir estes contratos, que, en todo caso, deberán garantir a continuidade na administración dos activos estranxeiros de modo que aqueles non queden resolto pola mera substitución da SXIIC, salvo que ó acordar esta substitución se decida tamén a da entidade que xestiona os activos estranxeiros da institución.»

**Artigo vixésimo primeiro.** *Adición dun novo artigo 54 bis ó regulamento.*

Engádesse un novo artigo 54 bis co seguinte contido:

«Artigo 54 bis. *Sucursais e representacións.*

1. Ademais das funcións recollidas no artigo anterior, as SXIIC poderán xestionar por conta dos fondos de investimento que administren a subscripción e reembolso das súas participacións.

As SXIIC que pretendan realizar esta actividade deberán, con carácter previo ó seu inicio, presentar ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores unha declaración de actividades que reflecta a súa intención de realizar esta actividade, xunto cunha memoria explicativa da forma da súa execución e xustificativa da súa capacidade para cumprir cos requisitos que se establezan.

Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos esixibles, a Comisión Nacional do Mercado de Valores incorporará as declaracións de actividades ó correspondente Rexistro da SXIIC.

2. Esta actividade poderana realizar directamente ou mediante axentes ou apoderados.

3. Cando a actividade se realice directamente, a apertura e peche de sucursais, tanto en territorio nacional coma no estranxeiro, deberá ser comunicada á Comisión Nacional do Mercado de Valores no prazo e forma que esta sinale para a súa constancia no Rexistro da SXIIC. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir calquera información adicional sobre tales decisións e sobre a forma da súa execución.

4. Cando a actividade se realice mediante axentes ou apoderados, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As sociedades xestoras que outorguen apoderamentos ou contratos de axencia deberán, con carácter previo ó seu establecemento, asegurarse de que os axentes ou apoderados contan coa capacidade, formación e profesionalidade suficientes para levar a cabo a actividade obxecto do apoderamento. En todo caso, os axentes ou apoderados deberán cumprilos requisitos de idoneidade e honorabilidade previstos no artigo 9 deste regulamento.

Estas sociedades deberán contar, en todo momento, cos medios e procedementos de control interno adecuados para o seguimento das transaccións e relacións do axente ou apoderado cos clientes. Así mesmo, os axentes ou apoderados deberán estar sometidos a regras que garantan un comportamento axustado ás normas de conducta previstas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e ó regulamento interno de conducta da sociedade xestora.

O ministro de Economía poderá condicionar a apertura de sucursais e o nomeamento de axentes ou apoderados ó mantemento de determinados niveis de recursos propios ou esixir niveis adicionais de solvencia ás sociedades xestoras.

As sociedades xestoras deberán comunicarlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo e forma que esta determine, as relacións de axencia ou apoderamento que se celebren para a súa constancia no Rexistro da SXIIC.

b) Terán a consideración de axentes ou apoderados aqueles que non se encontren vinculados mediante relación laboral á sociedade ou a entidades do seu grupo e ós que a sociedade xestora outorgase poderes para actuar habitualmente no seu nome e pola súa conta fronte á clientela na

comercialización das participacións dos fondos que xestione. Tratándose de persoas xurídicas, o seu obxecto social deberalles permitir expresamente realiza-las actividades obxecto da representación.

Estas relacións deberán formalizarse mediante o outorgamento dun poder notarial que deberá especifica-lo alcance do poder outorgado no que se refire ó ámbito xeográfico de actuación, fondos de investimento incluídos, tipo de clientela e forma de execución das subscricións e reembolsos que, en todo caso, deberá cumprir cos requisitos sinalados nos artigos 42 e 55 deste regulamento e as súas normas de desenvolvemento. Ademais, as entidades poderán subscribir un contrato que regule outros aspectos da relación de representación, tales como as obrigas que se derivan do contrato para as partes, sistemas de fianzas, réxime de incompatibilidades que, se é o caso, se desexen establecer, os sistemas de facturación de comisións e normas de conducta aplicables ó representante.

c) Os axentes ou apoderados non poderán actuar por medio de subaxentes nin establecer relacións xurídicas que os vinculen persoalmente cos clientes en materias relacionadas co mercado de valores.

Os axentes ou apoderados deberán pór de manifesto en tódalas relacións que manteñan coa clientela de forma inequívoca a súa condición de representantes da entidade xestora

Un axente soamente poderá representar a unha entidade xestora ou a varias entidades pertencentes a un mesmo grupo, segundo se define no artigo 4 da Lei do mercado de valores. A sociedade xestora será responsable ante os partícipes dos prexuízos que puidesen derivarse da actuación dos seus axentes ou apoderados no ámbito da representación outorgada.

As sociedades xestoras serán responsables do cumprimento polos seus axentes ou apoderados de tódalas normas de ordenación e disciplina do mercado de valores nos actos que realicen, incluídos tódolos requisitos establecidos neste artigo e nas normas que o desenvolvan.

5. Así mesmo, as SXIIC deberán adoptar medidas de control das actuacións dos seus axentes e, para tal fin, con anterioridade á formalización do contrato de representación, deberán comproba-la suficiencia e adecuación da organización administrativa e dos medios, dos procedementos operativos, de control interno e contables e, se é o caso, dos sistemas informáticos que vaian utilizar aqueles no desenvolvemento ulterior das súas actuacións. No caso de que a representación se vaia outorgar a unha persoa xurídica, as comprobacións anteriores estenderanse á súa situación económico-financeira. As SXIIC condicionarán o nomeamento dos axentes á comprobación satisfactoria dos aspectos mencionados neste parágrafo.

De igual maneira, as SXIIC poderán imporlles ós axentes que as súas actuacións se realicen conforme os procedementos operativos, de control interno e contables que, para tal efecto, desenvolvan as empresas ás que representan, en especial no referido a efectivo ou instrumentos de pagamento, así como impo-la utilización de sistemas informáticos que aseguren unha adecuada integración dos datos e informacións entre os axentes e a empresa á que representen. Para estes efectos, os axentes deberán permitir e colaborar naquelas

auditorías operativas, de procedementos e control interno que sobre tales procedementos e sistemas leven a cabo as empresas ás que representan. As SXIIC condicionarán o mantemento do contrato de representación ó cumprimento polos seus axentes destas medidas.

6. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste artigo, en especial, no referente ós medios e procedementos de control interno, publicidade das relacións de representación e a información que as sociedades xestoras deberán remitirle á dita Comisión ou manter ó seu dispor no seu domicilio.»

**Artigo vixésimo segundo.** *Modificación do artigo 55.7 do regulamento.*

O número 7 do artigo 55 queda redactado como segue:

«7. O ministro de Economía e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores quedan facultados para determina-las condicións en que deba realizarse o depósito de valores no exterior que, en todo caso, deberá garantir que a propiedade, o pleno dominio e libre disposición dos activos pertencen, en todo momento, á institución de investimento colectivo.»

**Artigo vixésimo terceiro.** *Modificación parcial do artigo 58 do regulamento.*

O número 4 do artigo 58 queda redactado como segue:

«4. Quedarán suxeitas ás normas de conducta establecidas neste número as persoas relacionadas no número 1 do artigo 7 deste regulamento, así como as entidades pertencentes ó mesmo grupo que a SIM, SIMCAV ou SXIIC, segundo se define no artigo 4 da Lei do mercado de valores e os seus conselleiros, administradores ou directores que realicen operacións vinculadas con institucións de investimento colectivo nas que teñan algunha das condicións mencionadas.

Para estes efectos, entenderase por operación vinculada:

1.º O cobro de remuneracións pola prestación de servicios a unha institución de investimento colectivo (excepto os que preste a SXIIC á propia institución e os previstos no artigo 22 deste regulamento).

2.º A obtención por unha institución de investimento colectivo de financiamento ou a constitución de depósitos, e

3.º A adquisición por unha institución de investimento colectivo de valores ou instrumentos emitidos ou avalados por algunha das persoas definidas no parágrafo anterior ou na emisión dos cales algunha destas persoas actúe como colocador, asegurador, director ou asesor.

Para que unha xestora poida realizar por conta das institucións de investimento colectivo que xestiona operacións vinculadas, das previstas neste número, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) A xestora deberá dispor dun procedemento interno formal, recollido no seu regulamento interno de conducta para asegurarse de que a operación

vinculada se realiza en interese exclusivo da institución de investimento colectivo e a prezos ou en condicións iguais ou mellores cós de mercado. A confirmación de que estes requisitos se cumpren deberá ser adoptada por unha comisión independente creada no seo do consello da xestora ou, alternativamente, por un órgano interno da xestora ó que se encomende esta función. O procedemento poderá prever sistemas simplificados de aprobación para operacións vinculadas repetitivas ou de escasa relevancia.

b) A SXIIC deberá informar nos folletos e na información periódica que as institucións de investimento colectivo publiquen sobre os procedementos adoptados para evita-los conflitos de interese e sobre as operacións vinculadas realizadas na forma e co detalle que a Comisión Nacional do Mercado de Valores determine.

c) A comisión ou órgano interno a que se refire a alínea a) anterior deberá informa-lo Consello, polo menos unha vez ó trimestre, sobre as operacións vinculadas realizadas.

Os requisitos anteriores serán esixibles ás SIM e SIMCAV cando non delegasen a xestión dos seus activos noutra entidade que os cumpra. Non serán esixibles os requisitos sinalados nas alíneas a) e c) anteriores cando a xunta xeral de accionistas autorice expresamente e con carácter previo á súa realización operacións vinculadas das previstas neste punto.»

**Artigo vixésimo cuarto.** *Modificación do artigo 66 do regulamento.*

Dáse nova redacción ó primeiro parágrafo do artigo 66.h) do regulamento, que quedará como segue:

«h) O incumprimento dos coeficientes de investimento mínimos dos artigos 17, 26, 37, 49, 52 bis, 52 ter, 52 quáter e 52.quinto, ou os sinalados no artigo 71.4 e nos números 1 e 2 do artigo 72 bis do presente regulamento cando o incumprimento teña carácter transitorio e non supere o 20 por 100 deste. Para aprecia-lo carácter transitorio do incumprimento observárase o previsto na alínea d) do artigo 65.»

**Artigo vixésimo quinto.** *Modificación da disposición adicional primeira do regulamento.*

1. Engádese un último parágrafo no número 1 da disposición adicional primeira, coa seguinte redacción:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exonerar do cumprimento dalgún dos requisitos previstos nesta disposición adicional cando na comercialización en España destas institucións concorran algunha das circunstancias determinantes das excepcións parciais prevista no artigo 7.1 do Real decreto 291/1992, do 27 de marzo, sobre emisións e ofertas públicas de venda de valores.»

2. Engádese un último parágrafo no número 2 da disposición adicional primeira, coa seguinte redacción:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá determina-la forma e prazos en que se lle comunicarán as modificacións da documentación rexistrada e se difundirán ós accionistas e partícipes residentes en España estas modificacións.»

**Artigo vixésimo sexto.** *Modificación da disposición adicional segunda do regulamento.*

Modifícase o requisito 1.º do número 1 da disposición adicional segunda:

«1.º Que a regulamentación española regule a mesma categoría de institución de investimento colectivo á que pertence a institución estranxeira para a que se solicita autorización e que esta institución estea suxeita no seu Estado de orixe a unha normativa específica que protexa os intereses dos accionistas ou partícipes a un nivel non inferior ó da normativa española.»

**Artigo vixésimo sétimo.** *Modificación da disposición adicional terceira do regulamento.*

Engádese un parágrafo segundo no número 2 da disposición adicional terceira:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores expedirá esta certificación logo de verificación de que a institución reúne os requisitos establecidos nas directivas sinaladas no número 1 da disposición adicional primeira. Para iso, terase en conta a actividade da súa xestora e o previsto no seu regulamento de xestión ou estatutos sociais e no seu folleto explicativo.»

**Disposición adicional única.** *Determinación da información que hai que subministrar á Administración tributaria.*

O ministro de Facenda poderá determina-la forma, prazo e contido da información que as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e as sociedades de investimento mobiliario deberán subministrarlle á Administración tributaria, con independencia das restantes obrigas de información que sexan esixibles pola normativa vixente.

**Disposición transitoria única.** *Adaptación das institucións de investimento colectivo ás institucións especializadas.*

1. As institucións de investimento colectivo que á entrada en vigor deste real decreto se encontren inscritas nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán adapta-los seus regulamentos, estatutos sociais e folletos explicativos para transformarse nalgunha das institucións de investimento colectivo especializadas previstas na sección 6.ª do capítulo II do regulamento da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo. O procedemento de transformación axustarase ó previsto no artigo 9 deste regulamento e outorgaralles ós partícipes o dereito de separación previsto no seu artigo 35.2. Non obstante, non se poderán transforma-las institucións de investimento colectivo que se acollan ó réxime previsto na disposición adicional terceira do dito regulamento.

2. En canto o ministro de Economía ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores non precisen os requisitos e as porcentaxes máximas ós que se refire o penúltimo parágrafo do punto 1.e) do artigo 4 do regulamento da Lei 46/1984, poderanse crear institucións de investimento colectivo que tomen como referencia, replicándoos, índices cando o investimento en valores dunha mesma entidade non represente máis do 35 por 100 do seu activo nin o investimento en valores de entidades pertencentes ó mesmo grupo o 45 por 100 do seu activo.

3. As institucións de investimento colectivo que á entrada en vigor deste real decreto invistan por riba do

50 por 100 do seu activo noutras institucións de investimento colectivo deberán adaptarse ás previsións contidas na sección 6.<sup>a</sup> do capítulo II do título I do regulamento da Lei 46/1984 no prazo de doce meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

4. En canto o ministro de Economía non aprobe o medio de difusión previsto no artigo 13.5 do presente regulamento, as sociedades xestoras dos fondos de investimento deberán subministrarlle á sociedade rectora da Bolsa de Valores radicada na praza da súa sede social ou, se é o caso, en calquera delas, a información precisa para que teña lugar a publicación, diaria ou coa frecuencia que corresponda ó tipo de institución de investimento colectivo de que se trate, no respectivo boletín de cotización dos datos relativos ó valor liquidativo das súas participacións, ó seu patrimonio e ó número de partícipes. Así mesmo, as institucións de investimento colectivo farán públicos os feitos relevantes mencionados no artigo 10.4 a través da notificación e publicación no boletín de cotización da bolsa radicada na sede social da institución ou, no seu defecto, no de calquera das bolsas, ademais de comunicalos á Comisión Nacional do Mercado de Valores e incluílos no folleto trimestral inmediato.

5. As institucións de investimento colectivo inscritas nos Rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores que á entrada en vigor do presente real decreto se acollan ós novos límites de concentración por emisor recollidos no artigo 4.3 do regulamento da Lei 46/1984, cando isto non supoña unha modificación da súa política de investimento, non necesitarán actualizar previamente o seu folleto informativo, abondando coa publicación dun feito relevante e a súa inclusión no informe trimestral seguinte.

6. A adaptación ó novo límite máximo á comisión de depositario establecido no artigo 45.5 do regulamento da Lei 46/1984 non requirirá a previa modificación dos regulamentos de xestión e folletos informativos dos fondos de investimento mobiliario inscritos no Rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores á entrada en vigor deste real decreto, sen prexuízo de que o contido destes documentos se axuste no momento en que se produzan outras modificacións. Os fondos que teñan que reducir a comisión de depositario efectivamente aplicada para adaptarse ó novo límite deberán publicar un feito relevante nos termos do artigo 10.4 do dito regulamento.

7. A actuación dos axentes ou apoderados das sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo ó amparo do artigo 54 bis do regulamento da Lei 46/1984 esixirá o previo desenvolvemento do previsto naquel polo ministro de Economía ou, coa súa habilitación expresa, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

**Disposición derradeira única.** *Habilitación normativa e entrada en vigor.*

1. Facúltase o ministro de Economía para dictar as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento e execución do presente real decreto e, coa súa habilitación expresa, á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no ámbito das súas competencias.

2. O presente real decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa íntegra publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
para Asuntos Económicos  
e ministro de Economía,  
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3420** *REAL DECRETO 142/2001, do 16 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a regularización prevista na disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.* («BOE» 44, do 20-2-2001.)

A disposición transitoria primeira da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, determinaba que o Goberno establecería mediante real decreto o procedemento para a regulación dos estranxeiros que se encontrasen en territorio español antes do día 1 de xuño de 1999 e que acreditasen ter solicitado nalgunha ocasión permiso de residencia ou traballo ou que o tivesen nos últimos tres anos. Na súa virtude, adoptouse o Real decreto 239/2000, do 18 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a regularización de estranxeiros previsto na disposición transitoria primeira da dita lei orgánica.

Pola súa parte, a Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, dispón, na súa disposición transitoria cuarta, que o Goberno mediante real decreto establecerá os requisitos que permitan, sen necesidade de presentar nova documentación, a regularización dos estranxeiros que se encontren en España e que, tendo presentado solicitude de regularización, ó abeiro do previsto no Real decreto 239/2000, visen denegada esta exclusivamente por non cumpriren o requisito de encontrarse en España antes do 1 de xuño de 1999.

Mediante o presente real decreto dáse cumprimento ó mandato legislativo derivado da referida disposición transitoria, regulando un procedemento de reexame das solicitudes denegadas, e delimitáanse os requisitos que os interesados deben reunir para obter a súa regularización no noso territorio.

En cumprimento do anterior, logo do informe favorable da Comisión Interministerial de Estranxeiría, oído o foro para a Integración Social dos Inmigrantes, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores, de Xustiza, do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de febreiro de 2001,

### DISPONGO:

**Artigo 1.** *Requisitos para obter a regularización.*

1. Poderán ser documentados cun permiso de traballo e residencia ou permiso de residencia os estranxeiros que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter presentado solicitude de regularización en aplicación do procedemento establecido mediante o Real decreto 239/2000, do 18 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a regularización de estranxeiros prevista na disposición transitoria primeira da lei.

b) Ter sido obxecto, no procedemento incoado en virtude da dita solicitude, de denegación polo motivo exclusivo de non ter acreditado o requisito de encontrarse en España antes do 1 de xuño de 1999.

c) Encontrarse en España no momento da entrada en vigor deste real decreto.

d) Ter acreditado o cumprimento dos demais requisitos esixidos no Real decreto 239/2000.